

INFORME DE SEGUIMIENTO 2022-2023

Concello de Meis

1. INTRODUCCIÓN.....	1
1.1. Contextualización	1
1.2. Obxectivos e alcance do documento	3
1.3. Periodicidade dos Informes.....	4
1.4. Compromisos adquiridos	4
2. SITUACIÓN MEDIOAMBIENTAL DO CONCELLO DE MEIS	6
2.1. Actuacións previas postas en marcha	6
2.2. Situación de partida do PACES	7
2.3. Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible	8
3. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PACES	10
3.1. Seguimento das accións ou medidas incluídas no documento PACES	10
3.2. Consumos enerxéticos	15
3.3. Emisións de CO ₂ equivalentes	16
3.4. Seguimento das novas accións ou medidas executadas ou en proceso	18
3.5. Seguimento da totalidade de accións ou medidas executadas ou en proceso	21
3.6. Progreso na execución do Plan de Acción.....	23
3.6.1. Grado de execución das accións	23
3.6.2. Orzamento empregado ata a data	24
3.6.3. Inversión realizada por sector	24
3.6.4. Redución das emisións de GEI estimadas segundo o grado de execución das accións	25
3.6.5. Emisións de GEI e consumo final de enerxía per cápita.....	26
3.6.6. Emisións de GEI (influencia do Factor Nacional de Emisión para Electricidade)	27
3.6.7. Emisión de GEI por sector	28
3.6.8. Consumo final de enerxía por sector	29
3.6.9. Consumo final de enerxía por vector enerxético	30
4. CONCLUSIÓNS.....	31
5. POBREZA ENERXÉTICA.....	33
5.1. Contextualización.....	33
5.1.1. O desafío da pobreza enerxética en Europa	33
5.1.2. O desafío da pobreza enerxética en España	34
5.2. Obxectivos e alcance	34
5.3. Actuacións previstas.....	34
5.4. Programación das medidas ante a pobreza enerxética.	35

ÍNDICE DE FIGURAS E TÁBOAS

Figura 1.- Distribución dos consumos enerxéticos por sectores.	15
Figura 2.- Distribución dos consumos enerxéticos por fontes.....	16
Figura 3.- Distribución das emisións de CO ₂ equivalentes por sectores.	17
Figura 4.- Distribución das emisións de CO ₂ equivalentes por fontes.	17
Táboa 1.- Consumos enerxéticos anuais (MWh) do Concello de Meis por sectores (ano 2014). 7	
Táboa 2.- Emisións de CO ₂ equivalentes (Toneladas) do Concello de Meis por sectores (ano 2014).	7
Táboa 3.- Medidas propostas no documento PACES.....	9
Táboa 4.- Situación de execución das accións propostas no documento PACES.	12
Táboa 5.- Consumos enerxéticos anuais (MWh) do Concello de Meis por sectores (ano 2022).	15
Táboa 6.- Emisións de CO ₂ equivalentes (Toneladas) do Concello de Meis por sectores (ano 2022).	16
Táboa 7.- Situación de execución da totalidade de accións propostas e executadas.	22
Táboa 8.- Situación de execución das accións.	23
Táboa 9.- Situación de execución do orzamento.	24
Táboa 10.- Situación de execución da inversión por sector.....	24
Táboa 11.- Situación de redución das emisións de CO ₂	25
Táboa 12.- Situación das emisións de GEI e consumo final de enerxía per cápita.	26
Táboa 13.- Situación das emisións de GEI (Factor Nacional de Emisións).	27
Táboa 14.- Situación da emisión de GEI por sector.	28
Táboa 15.- Situación do consumo final de enerxía por sector.....	29
Táboa 16.- Situación de consumo final de enerxía por vector.....	30
Táboa 17.- Accións de mellora por cada un dos sectores.....	35
Táboa 18.- Cronograma das medidas de pobreza enerxética.....	36

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Contextualización

O cambio climático desafíanos como sociedade, como modelo económico, como civilización e precisa unha resposta urxente, cuxo principal obxectivo sexa frear o quecemento global, pero ao tempo esixe unhas respostas ante os impactos, xa evidentes, dun clima cada vez máis cálido, extremo e incerto.

No Pacto Europeo dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía agrúpanse miles de gobernos locais que de forma voluntaria comprométense a implantalos obxectivos en materia de clima e enerxía da UE.

Neste sentido, o papel dos municipios é fundamental ao conferirlles a través da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local plenas competencias para realizar actividades complementarias ás propias doutras administracións no relativo ao interese xeral do mesmo, incluíndo a protección ao medio ambiente.

Conseguir este propósito resulta viable grazas ás ferramentas que os municipios posúen para o desenvolvemento de medidas específicas de mellora da eficiencia enerxética e promoción das enerxías renovables en distintos sectores de actuación tales como edificación, servizos públicos e transporte.

É por iso que no ano 2008 lanzouse por parte da Comisión Europea a iniciativa “el Pacto de los Alcaldes”, liderada polo Comisario Europeo da Enerxía, co propósito de conseguila participación e dar apoio aos gobernos locais que voluntariamente se comprometesen a acadar e superalos obxectivos da UE en materia de clima e enerxía.

A iniciativa non só introduciu un enfoque innovador nas accións relacionadas co clima e a enerxía, senón que o seu éxito superou enseguida tódalas expectativas, e continuou atraendo a novas autoridades locais e rexionais, en Europa e fora dela. O Pacto dos Alcaldes xa reunía 2000 cidades en outubro de 2010, o cal impulsou á Comisión Europea a poñer en marcha unha iniciativa similar nos países asociados en Europa oriental.

En 2012, a Comisión Europea, no marco da política europea de veciñanza, ampliou o Pacto dos Alcaldes á Rexión Meridional do Mediterráneo e lanzou o proxecto CES-MED. «Cleaner Energy-Saving Mediterranean Cities» (CES-MED) axuda ás cidades na súa incorporación ao Pacto dos Alcaldes e lles soporta no seu compromiso para cumprir ambiciosas políticas de desenvolvemento sostible.

No ano 2014, a Comisión Europea lanzou a iniciativa Alcaldes pola Adaptación. Esta iniciativa irmá baséase nos mesmos principios que o Pacto dos Alcaldes e céntrase na adaptación ao cambio climático. Alcaldes pola Adaptación invitaba aos gobernos locais a demostralo seu liderado na adaptación e os apoiaba no desenvolvemento e a implantación de estratexias de adaptación locais.

As iniciativas Pacto dos Alcaldes e Alcaldes pola Adaptación fusionáronse oficialmente con ocasión dunha cerimonia celebrada o 15 de outubro de 2015 no Parlamento Europeo.

A nova iniciativa, o Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía (cuxos obxectivos e dirección foron definidos xunto coas cidades por medio dun proceso consultivo) é máis ambiciosa e de maior alcance: as cidades asinantes comprométese a apoiar activamente a implantación do obxectivo de redución dos GEI nun 40 % para 2030 da UE e acordan adoptar un enfoque integrado á mitigación do cambio climático e a adaptación a este, ademais de garantir o acceso a unha enerxía segura, sostible e alcanzable para todos.

En xuño de 2016, o Pacto dos Alcaldes comezou unha importante fase nova da súa historia ao optar por unir as súas forzas con outra iniciativa a nivel local: a Coalición de Alcaldes.

O resultado, o Pacto Mundial dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía é o maior movemento de gobernos locais comprometidos a superalos propios obxectivos nacionais en materia de clima e enerxía. Totalmente en liña cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da ONU e cos principios de xustiza climática, o Pacto Mundial dos Alcaldes ocuparase de tres problemas principais: a mitigación do cambio climático, a adaptación aos efectos adversos do cambio climático e o acceso universal a unha enerxía segura, limpa e alcanzable.

Os efectos do cambio climático volvéronse tan visibles que para poder evitalos sería preciso reducir de xeito substancial e nas próximas décadas, as emisións globais de CO₂. A nivel social, os cambios de conduta e estilos de vida necesarios para a adaptación ao cambio climático son en todo momento complementarios cos necesarios para esta redución de emisións de gases de efecto invernadoiro.

É por iso que a Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) recolle, no Open Data Climático, as evidencias máis relevantes dos impactos do cambio climático en España nos últimos 40 anos, confirmando un escenario de cambio climático con efectos moi visibles.

A Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático e o seu Acordo de París, tratan de facer fronte aos riscos que expón o cambio climático, con obxectivos como aumentala capacidade de adaptación aos efectos adversos do cambio climático e promovela

resiliencia ao clima e un desenvolvemento con baixas emisións de gases de efecto invernadoiro.

Ante todos estes efectos, na Conferencia de Nacións Unidas sobre o Cambio Climático celebrada en Madrid en decembro de 2019, o goberno de España firmou unha declaración cos compromisos adquiridos en base ás Prioridades identificadas por nenos, nenas e mozos de todo o mundo, ante as crisis sistémicas como son a do Cambio Climático e a da Biodiversidade.

A nivel autonómico, a comunidade autónoma de Galicia creou no ano 2005 a *Estratexia Galega fronte ao Cambio Climático*, coa finalidade de establecer unha estratexia de loita contra o cambio climático dentro da comunidade autónoma e axudar a España a cumprilos seus compromisos internacionais. Entre os seus principais obxectivos, figuraban un mellor coñecemento do clima de Galicia e a avaliación do impacto do cambio climático no seu territorio; control das emisións dos GEI, a través da definición de medidas nas respectivas políticas sectoriais; promoción de políticas de apoio a sumidoiros de carbono como parte esencial na solución do problema e estudo dos principais impactos e medidas de minimización.

Dende entón, son máis de 10.900 os municipios europeos adheridos a esta iniciativa, sendo máis de 322 millóns os habitantes que se están beneficiando das accións de mellora realizadas nos seus municipios como resultado deste compromiso.

Ante esta situación, e para traducir o seu compromiso político en medidas e proxectos prácticos, o Concello de Meis decidiu de forma voluntaria a adhesión a esta iniciativa mediante a aprobación do correspondente documento no pleno municipal do 15 de xuño de 2020. Ademais, comprométense a presentar, nos dous anos seguintes á data da decisión adoptada polo seu consello local, un Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES) no que se esbochen as accións clave que se pretende acometer.

1.2. Obxectivos e alcance do documento

O Plan de Acción para o Clima e as Enerxías Sostibles (PACES) de Meis convértese, dentro do intervalo temporal establecido, nun instrumento encamiñado a responder ao compromiso de reducir as emisións de CO₂ equivalentes en, ao menos, un 40% antes do ano 2030, conforme ás esixencias técnicas que sinalan as guías técnicas europeas en relación á elaboración de PACES e ao Pacto das Alcaldías.

Os obxectivos establecidos son a elaboración dun **Inventario de Emisións de Referencia (IER)** co alcance xeográfico de todo o Concello de Meis, para obter información sobre a natureza das

entidades emisoras de CO₂ no territorio municipal, aos efectos de obter unha diagnose enerxética local que cuantifique as emisións de CO₂ equivalentes derivadas dos consumos enerxéticos que se producen no municipio, a **Avaliación de Riscos e Vulnerabilidades (ERV)**, como punto inicial para a elaboración da parte de adaptación ao cambio climático, analizando os riscos máis salientables por frecuencia ou por intensidade, e avaliando a vulnerabilidade que podería constituír un posible dano ou ameaza no territorio municipal, sendo principalmente os riscos de Calor Extremo, Inundación, Seca e Incendio Forestal, e o propio **Plan de Acción para o Clima e as Enerxías Sostibles (PACES)** a través do que se definirán as accións máis axeitadas en aras de acelerar a descarbonización dos nosos territorios, fortalecer a capacidade de adaptarnos aos impactos inevitables do cambio climático e aumentar a eficiencia enerxética, diminuíndo o consumo de enerxía no municipio. Así nos encamiñaremos a acadar o obxectivo de reducir as emisións de CO₂ equivalentes, ao menos, nun 40% ata o ano 2030. Asegurarase a correcta vixilancia e implantación das medidas, así como a análise da súa efectividade en relación á redución dos consumos enerxéticos e emisións de GEI, para o que se incluírá un plan de seguimento baseado en indicadores.

1.3. Periodicidade dos Informes

O PACES debe presentarse antes de que transcorran dous anos dende a data de adhesión, é dicir, a data na que o pleno municipal decidiu oficialmente subscribir o Pacto das Alcaldías.

O modelo de seguimento debe presentarse cada dous anos a partir da data de presentación do plan de acción. A información mínima que debe figurar será o Informe sobre Accións, un modelo de seguimento que describa o grado de execución das accións, podendo presentarse o propio Informe de Emisións cada catro anos, no que se considera como o Informe completo (un modelo de seguimento que inclúa alomenos un Inventario de Seguimento de Emisións – ISE-).

1.4. Compromisos adquiridos

O Concello de Meis aprobou en sesión plenaria do 26 de novembro de 2021 o seu documento PACES, cumprindo así o obxectivo de presentalo dentro dos dous anos posteriores a súa adhesión ao Pacto das Alcaldías. Neste documento adoptáronse os seguintes compromisos a executar durante os próximos anos e ata o ano 2030:

- Cumprilos obxectivos propostos pola Unión Europea, reducindo as emisións de CO₂ e de Gases de Efecto Invernadoiro nun 42,45% ata o ano 2030, a través da elaboración e aplicación do Plan de Acción para o Clima e o Cambio Climático denominado PACES.
- Elaborar un Inventario de Emisións de Referencia (IER), como base para o PACES.
- Promovela colaboración da cidadanía para participar no desenvolvemento do Plan de Acción.
- Adaptalas estruturas do Concello para o desenvolvemento das accións que se consideren necesarias.
- A partir da aprobación do Plan de Acción, elaborar cada 2 anos un Informe de seguimento acerca do cumprimento dos obxectivos.
- Presentar nun prazo non superior a 2 anos dende a aprobación do presente PACES, o Plan de Adaptación ao Cambio Climático.

2. SITUACIÓN MEDIOAMBIENTAL DO CONCELLO DE MEIS

2.1. Actuacións previas postas en marcha

Dende o punto de vista medioambiental, a transición ecolóxica converteuse nun obxectivo transversal de acción por parte do Concello de Meis para tratar de conseguir e aplicar un modelo de concello máis sostible e así facer fronte a grandes retos globais como o cambio climático, a contaminación, etc.

A redución do consumo enerxético nos diversos campos da economía e da vida das persoas ven sendo unha liña de desenvolvemento medioambiental fundamental a escala global durante os últimos anos, co fin último de melloral a calidade de vida das persoas e evitar ao mesmo tempo o esgotamento dos recursos enerxéticos e naturais.

Previo á firma do compromiso de adhesión ao Pacto dos Alcaldes, e como mostra do compromiso que ten adquirido en aras do desenvolvemento de prácticas encamiñadas á mellora da calidade de vida e dunha mellor xestión do medio ambiente, ao longo dos últimos anos traballouse na mellora da xestión enerxética municipal e na redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, adoptando numerosas medidas dende o ano considerado como referencia, ano 2014, e ata a actualidade.

Este desenvolvemento ten lugar grazas a unha serie de iniciativas que garanten o cumprimento dos requisitos legais no referido á xestión ambiental, minimizando o impacto dos servizos, previndo a contaminación, establecendo obxectivos e accións de mellora, e sensibilizando e formando permanentemente ás persoas, encamiñadas todas elas á mellora e eficiencia enerxética das instalacións públicas e privadas do Concello de Meis, e a reducilos consumos enerxéticos, minimizando as emisións e impulsando as enerxías renovables, en colaboración con organismos públicos e privados.

2.2. Situación de partida do PACES

Consumos enerxéticos en base aos datos dispoñibles no ano de referencia, ano 2014:

		Edificios, Equipamentos, Instalacións			Alumeado Público	Transporte			Subtotal
		Municipais	Terciarios	Residenciais		Frota municipal	Público	Privado e comercial	
Consumo Enerxía Eléctrica		649,49		7.058,50	1.243,91			15,51	8.967,41
Consumo de Combustibles Fósiles	Gas Natural			7.462,29					7.462,29
	Gasóleo C	55,00		6.875,62					6.930,62
	Gasóleo A					27,39		28.902,82	28.930,21
	Gasolina							5.086,16	5.086,16
	GLP			1.125,10					1.125,10
	Carbón			16,40					16,40
	Otros								0,00
Enerxías Renovables	Biocombustible							1.643,05	1.643,05
	Biomasa			4.699,24					4.699,24
	Xeotermia			23,61					23,61
	Solar Térmica			121,30					121,30
Subtotal		704,49	0,00	27.382,06	1.243,91	27,39	0,00	35.647,54	65.005,39

Táboa 1.- Consumos enerxéticos anuais (MWh) do Concello de Meis por sectores (ano 2014).

Dos distintos datos que figuran na táboa, o Plan de Acción estimaba que o consumo de enerxía no Concello de Meis durante o ano 2014 era de 65.005,39 MWh, o que correspondía a unha taxa de 12,92 MWh/habitante.

Emisións de CO₂ equivalentes no Concello de Meis para o ano de referencia, ano 2014:

		Edificios, Equipamentos, Instalacións			Alumeado Público	Transporte			Subtotal
		Municipais	Terciarios	Residenciais		Frota municipal	Público	Privado e comercial	
Consumo Enerxía Eléctrica		285,78		3.105,74	547,32			6,82	3.945,66
Consumo de Combustibles Fósiles	Gas Natural			1.507,38					1.507,38
	Gasóleo C	14,69		1.835,79					1.850,48
	Gasóleo A					73,14		7.717,05	7.790,19
	Gasolina							1.266,45	1.266,45
	GLP			255,40					255,40
	Carbón			5,81					5,81
	Otros								0,00
Subtotal		300,47	0,00	6.710,12	547,32	73,14	0,00	8.990,32	16.621,37

Táboa 2.- Emisións de CO₂ equivalentes (Toneladas) do Concello de Meis por sectores (ano 2014).

Dos distintos datos que figuran na táboa, o Plan de Acción estimaba que as toneladas totais de CO₂ equivalentes emitidas no Concello de Meis no ano 2014 eran 16.621,37 tCO₂e. Obtíñase unha taxa per cápita de 3,30 toneladas de CO₂ equivalentes/habitante.

2.3. Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible

A metodoloxía empregada para a elaboración do Plan de Acción, permitiu caracterizalos distintos consumos enerxéticos e as correspondentes emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) no Concello de Meis, tomando como ano de referencia o ano 2014. Os resultados deste estudo conlevaron ao deseño dunha serie de propostas de acción para a mitigación do cambio climático nos sectores de actividade máis relevantes e con capacidade de mellora no conxunto do Concello de Meis (Edificios, Equipamentos e Instalacións municipais, Edificios residenciais, Alumeado público, Transporte municipal, Transporte privado e comercial, e Xestión de residuos).

Como consecuencia das accións de estudo, establecéronse unha serie de obxectivos estratéxicos no municipio en materia de enerxía:

- Promover que a produción de enerxía se priorice mediante as fontes renovables, xa sexa nas instalacións ou edificios municipais ou de carácter privado.
- Promover unha mobilidade sostible mediante actuacións encamiñadas ao conxunto da cidadanía, priorizando tanto os medios de transporte como as condicións de mobilidade menos contaminantes.
- Desenrolar unha planificación local o máis sostible posible.
- Implicar á cidadanía no cumprimento dos PACES e no obxectivo de redución das emisións de gases de efecto invernadoiro.
- Melloral a xestión dos servizos públicos coa finalidade de reducilas emisións de gases de efecto invernadoiro.
- Promover accións de renovación das instalacións e equipamentos tanto municipais como privados, por outros que sexan máis eficientes.

A proposta de medidas de acción a curto, medio e longo prazo para a loita contra o cambio climático para cada un dos sectores estratéxicos, e incluídas no Plan de Acción aprobado no ano 2021 foi o seguinte:

Código	Medida
Sector: EDIFICIOS, EQUIPAMENTOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS	
EM1	Instalación de caldeiras e estufas de biomasa nas instalacións municipais
EM2	Enerxías renovables para autoconsumo
EM3	Subministro de materiais para o servizo de alumeadado público e de edificios municipais (Plan Concellos 2020).
Sector: EDIFICIOS, EQUIPAMENTOS E INSTALACIÓNS TERCARIOS	
ET1	Campaña para o aforro enerxético nos servizos e a promoción de mellora da cualificación enerxética
ET2	Enerxías renovables para autoconsumo
Sector: EDIFICIOS RESIDENCIAIS	
ER1	Campaña para o aforro enerxético nos fogares e a promoción de mellora da cualificación enerxética
ER2	Enerxías renovables para autoconsumo
Sector: ALUMEADO PÚBLICO	
AP1	Mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación pública exterior dependentes do Concello (ILE 2016 Caticovas).
AP2	Renovación da instalación de iluminación pública exterior no concello de Meis (ILE 2014 Vilanoviña).
AP3	Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello de Meis (Iluminación Exterior Sostenible I).
AP4	Renovación das instalacións de iluminación nos BIC'S do Concello de Meis.
AP5	Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello de Meis (Iluminación Exterior Sostenible VII).
AP6	Reposición de Puntos de luz, liñas e cadros nos distintos núcleos de poboación
Sector: TRANSPORTE MUNICIPAL	
TM1	Renovación da frota de vehículos municipais
Sector: TRANSPORTE PRIVADO E COMERCIAL	
TP1	Redacción dun Plan de Mobilidade Sostible
TP2	Humanización da rúa da Escola de O Mosteiro e entorno da Praza de España.
TP3	Fomento do uso do transporte público
TP4	Mellora ambiental e de seguridade no casco urbano
TP5	Reforma e adecuación da Praza de España de O Mosteiro.
TP6	Humanización da contorna do CPI de Mosteiro, Capela de Mosteiro e conexións coa Praza de España (Plan Ágora 2021).
TP7	Creación de itinerarios peonís e ciclistas de conexión entre núcleos.
TP8	Instalación de puntos de recarga para automóviles eléctricos
Sector: XESTIÓN DE RESIDUOS	
GR1	Campañas de concienciación ambiental
GR2	Recollidas selectivas de téxtil e plásticos agrícolas
GR3	Proxecto de compostaxe doméstico e comunitario

Táboa 3.- Medidas propostas no documento PACES.

Estas medidas propostas sustentaban unha redución nas emisións de CO₂equivalentes no Concello de Meis nun 42,45%, con respecto ás emisións analizadas cos datos do ano establecido como referencia, o ano 2014. Isto significaba que as emisións non deberían superalas 9.582,51 tCO₂e/año en 2030.

3. AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO DO PACES

Coa finalidade de manter un seguimento das accións a implantar e a revisión dos resultados que puideran producirse, elabórase un plan de seguimento co obxecto de verificala correcta implantación, ou en caso negativo, poder corrixir ou redirixilas accións e medidas que foron incluídas no propio PACES. Así como o cumprimento dos obxectivos plantexados en relación coas emisións de GEI, os consumos enerxéticos e a implantación das enerxías renovables a nivel local.

3.1. Seguimento das accións ou medidas incluídas no documento PACES

Na seguinte táboa amósase a situación de execución en que se atopan cada unha das distintas accións ou medidas que foron propostas no documento PACES, o orzamento destinado na súa execución e o nivel de redución das emisións de GEI obtidos coa aplicación de cada unha das mesmas.

INFORME DE SEGUIMIENTO DO PLAN DE ACCIÓN

	Estado de execución	Orzamento		Reduc.Emisións (tCO2/ano)		
		Por acción	Por sector	Acc. Executadas	Acc. en proceso	Acc. Pendentes
Sector: EDIFICIOS, EQUIPAMENTOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS						
EM1	Instalación de caldeiras e estufas de biomasa nas instalacións municipais.	Finalizada	138.000,00		94,93	
EM2	Enerxías renovables para autoconsumo	Pendente de executar	0,00	155.915,71		114,31
EM3	Subministro de materiais para o servizo de alumeadado público e de edificios municipais (Plan Concellos 2020).	Finalizada	17.915,21		4,31	
Sector: EDIFICIOS, EQUIPAMENTOS E INSTALACIÓNS TERCARIOS						
ET1	Campaña para o aforro enerxético nos servizos e a promoción de mellora da calificación enerxética.	Pendente de executar				
ET2	Enerxías renovables para autoconsumo.	Pendente de executar				
Sector: EDIFICIOS RESIDENCIAIS						
ER1	Campaña para o aforro enerxético nos servizos e a promoción de mellora da calificación enerxética.	Pendente de executar				2.013,03
ER2	Enerxías renovables para autoconsumo.	Pendente de executar				2.684,05
Sector: ALUMEADO PÚBLICO						
AP1	Mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación pública exterior dependentes do Concello (ILE 2016 Caticovas).	Finalizada	27.907,15		2,83	
AP2	Renovación da instalación de iluminación pública exterior no concello de Meis (ILE 2014 Vilanoviña).	Finalizada	48.403,36		4,20	
AP3	Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello de Meis (Iluminación Exterior Sostenible I).	Finalizada	90.897,10	354.856,50	29,49	
AP4	Renovación das instalacións de iluminación nos BIC'S do Concello de Meis.	Finalizada	2.177,94		3,76	
AP5	Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello de Meis (Iluminación Exterior Sostenible VII).	Finalizada	185.470,95		76,34	
AP6	Reposición de Puntos de luz, liñas e cadros nos distintos núcleos de poboación	Pendente de executar	0,00			118,93
Sector: TRANSPORTE MUNICIPAL						
TM1	Renovación da flota de vehículos municipais.	Sen finalizar	90.000,00	90.000,00		42,78
Sector: TRANSPORTE PRIVADO E COMERCIAL						
TP1	Redacción dun Plan de Mobilidade Sostible.	Pendente de executar	12.000,00	1.121.380,81		
TP2	Humanización da rúa da Escola de O Mosteiro e entorno da Praza de España.	Finalizada	48.400,00		179,67	

INFORME DE SEGUIMIENTO DO PLAN DE ACCIÓN

TP3	Fomento do emprego do transporte público.	Pendente de executar	0,00		269,50
TP4	Mellora ambiental e de seguridade no casco urbano	Pendente de executar	0,00		10,97
TP5	Reforma e adecuación da Praza de España de O Mosteiro.	Finalizada	297.170,81	25,61	
TP6	Humanización da contorna do CPI de Mosteiro, Capela de Mosteiro e conexións coa Praza de España (Plan Ágora 2021).	Pendente de executar	763.810,00		64,20
TP7	Creación de itinerarios peonís e ciclistas de conexión entre núcleos.	Pendente de executar	0,00		22,10
TP8	Instalación de puntos de recarga para automóviles eléctricos	Pendente de executar	0,00		1.196,70
Sector: XESTIÓN DE RESIDUOS					
GR1	Campañas de concienciación ambiental.	Sen finalizar	0,00		
GR2	Recollidas selectivas de téxtil.	Sen finalizar	0,00	30.000,00	18,16
GR3	Proxecto de compostaxe doméstico e comunitario.	Sen finalizar	30.000,00		36,03

Táboa 4.- Situación de execución das accións propostas no documento PACES.

Medida EM2. Enerxías renovables para autoconsumo.

Medida en proceso. Nesta medida inclúese a instalación de paneis fotovoltaicos na cuberta de dúas instalacións municipais, coa finalidade de cubrir a demanda enerxética das instalacións:

- Escola Infantil de Meis: 36 paneis fotovoltaicos para acadar unha produción de enerxía renovable de 21.409 kWh/ano.
- Casa do Concello de Meis: 30 paneis fotovoltaicos para acadar unha produción de enerxía renovable de 17.984 kWh/ano.

A inversión estímase en 38.283,80€ para acadar unha produción enerxética renovable de 39.393kWh/ano e unha redución nas emisións de CO₂ de 14,06 tCO₂/m²ano.

Medida AP6. Reposición de Puntos de luz, liñas e cadros nos distintos núcleos de poboación.

A través do programa “Iluminación Exterior Sostible XIII” da Deputación de Pontevedra e o IDAE acometéronse as seguintes melloras:

- Substitución de 20 luminarias de haloxenuros metálicos no Campo de Fútbol de Mosteiro, por luminarias con tecnoloxía LED.
- Substitución de 8 luminarias no Campo de Fútbol de Zacande e instalación de 8 novos puntos de luz para cumprir as esixencias lumínicas.

A inversión das actuacións foi de 98.962€ e contou co apoio do IDAE e da Deputación Provincial de Pontevedra a través do programa “Iluminación Exterior Sostible XIII”.

Medida TM1. Renovación da flota de vehículos municipais.

Dentro da medida de renovación da flota de vehículos municipais, o Concello de Meis está solicitando a través do fondo de compensación ambiental unha subvención para a adquisición dunha nova furgoneta eléctrica. A día de hoxe non foi estimada a solicitude de subvención.

Medida TP7. Creación de itinerarios peonís e ciclistas de conexión entre núcleos.

- *Mellora da mobilidade e creación dunha senda peonil na EP-8004.* Esta actuación contempla a creación dunha senda peonil de 400m e 2,5m de ancho, traballos de pavimentación e execución de sistemas de drenaxe de augas pluviais, a disposición de novo alumado público

e a renovación da sinalización vertical e das marcas viarias.

O investimento será de 199.553,00€, contando cunha subvención do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra. Actualmente sen executar.

- *Creación de sendas peonís na antiga PO-300 e recuperación de espazos públicos no núcleo rural de Zacande.* Esta actuación contempla a recuperación de 908m² e a creación de sendas peonís. Actualmente sen executar.

Medida GR1. Campañas de concienciación ambiental.

Atópase en fase de execución. Dentro do Plan de redución e reutilización dos residuos, co propósito de facilitala reciclaxe e reducir as emisións de CO₂, durante o ano 2022 retiráronse 30,84 Tn de residuos voluminosos, 1.525,52 Tn de residuos orgánicos, 65,40 Tn de papel/cartón, e 89,92 Tn de envases lixeiros.

Creouse a campaña de concienciación ambiental “Pedalea reciclando” en colaboración co Clube Ciclista Armenteira e Punto”, así como charlas ambientais nos Centros Educativos para os mozos.

Na actualidade o volume de contedores incrementouse ata 483 de fracción resto, 230 de envases lixeiros e 230 de fracción papel/cartón.

A redución nas emisións de CO₂ estimouse en 340,88 TnCO₂.

Medida GR3. Proxecto de compostaxe doméstico e comunitario.

Atópase en fase de execución.

Dentro do Plan de recollida separada de biorresiduos, entregáronse 188 novos composteiros, acadando a totalidade de 302 composteiros para domicilios e pequena hostalaría.

Ao mesmo tempo, dispónse de 2 Centros de compostaxe comunitaria (un na Praza de España con 6 módulos e outro no CPI de Mosteiro con 10 módulos).

Os Fondos Next Generation permitiron acadar a través do proxecto “O Salnés: Calidade Ambiental I” da Mancomunidade do Salnés e o Plan Revitaliza da Deputación de Pontevedra, unha biotrituradora para converter restos de podas en material apto para tratar nos composteiros.

3.2. Consumos enerxéticos

O presente informe de seguimento avaliará a evolución en termos de consumos enerxéticos e emisións de CO₂ que tiveron lugar ata a data de hoxe dende a aprobación do PACES no ano 2021.

Os consumos enerxéticos, en base aos datos dispoñibles do último ano completo, o ano 2022, son os reflexados na seguinte táboa:

		Edificios, Equipamentos, Instalacións			Alumeado Público	Transporte			Subtotal
		Municipais	Terciarios	Residenciais		Frota municipal	Público	Privado e comercial	
Consumo Enerxía Eléctrica		642,94		9.618,75	966,20			54,98	11.282,87
Consumo de Combustibles Fósiles	Gas Natural			5.314,98					5.314,98
	Gasóleo C			3.190,43					3.190,43
	Gasóleo A					26,60		29.622,26	29.648,86
	Gasolina					2,41		5.077,36	5.079,77
	GLP			2.058,50				41,23	2.099,73
	Carbón			166,59					166,59
	Outros								0,00
Enerxías Renovables	Biocombustible							2.095,23	2.095,23
	Biomasa			3.608,18					3.608,18
	Xeotermia			28,12					28,12
	Solar Térmica			52,47					52,47
Subtotal		642,94	0,00	24.038,02	966,20	29,01	0,00	36.891,06	62.567,23

Táboa 5.- Consumos enerxéticos anuais (MWh) do Concello de Meis por sectores (ano 2022).




Figura 1.- Distribución dos consumos enerxéticos por sectores.




Figura 2.- Distribución dos consumos enerxéticos por fontes.

Analizando as gráficas anteriores, apréciase que para o Concello de Meis os maiores consumos enerxéticos seguen provindo do transporte privado e comercial, sendo as edificacións residenciais o que xera o segundo maior consumo. Se valoramos o tipo de fonte de enerxía, o consumo de gasóleo A nos vehículos destaca como a fonte máis empregada, seguida do consumo en enerxía eléctrica.

3.3. Emisións de CO₂ equivalentes

Para o ano 2022, as emisións de CO₂ equivalentes do Concello de Meis foron as reflectidas na seguinte táboa:

		Edifícios, Equipamentos, Instalacións			Alumeado Público	Transporte			Subtotal
		Municipais	Terciarios	Residenciais		Frota municipal	Público	Privado e comercial	
Consumo Enerxía Eléctrica		282,89		4.232,25	425,13			24,19	4.964,46
Consumo de Combustibles Fósiles	Gas Natural			1.073,63					1.073,63
	Gasóleo C			851,84					851,84
	Gasóleo A					7,10		7.909,14	7.916,24
	Gasolina					0,55		1.264,26	1.264,81
	GLP			467,28				9,36	476,64
	Carbón			58,97					58,97
	Outros								0,00
Subtotal		282,89	0,00	6.683,97	425,13	7,65	0,00	9.206,95	16.606,59

Táboa 6.- Emisións de CO₂ equivalentes (Toneladas) do Concello de Meis por sectores (ano 2022).

